

# Ruxe Ruxe nº 24

Revista do EDLG do Aquil





A revista que serve de voceiro ao Equipo de Dinamización da Lingua do Aquis volve saír en dirección á nosa comunidade escolar. É unha nova viaxe da lingua á procura dos seus espazos naturais: as aulas, as rúas, os lugares de traballo, os fogares...

Un curso máis os medios de comunicación seguiron a trasladarnos informacións que debuxan un panorama de máxima alerta para o futuro do idioma. Estudos recentes de sociolingüística mostran que o galego vai pouco a pouco deixando de ser a lingua de uso habitual na familia e coas amizades.

Non podemos dicir que isto nos colla de novas. Nos centros de ensino somos conscientes de que as actuacións para reverter a caída no uso da lingua deben afrontarse, cunha intención real e firme de facelo, desde as instancias de goberno responsables, de xeito que se vexa de maneira transversal esa vontade de reactivación do uso do galego.

A ausencia dese plan de actuación conxunto supón o debaldimento de recursos económicos e o esgotamento de vontades persoais.

Agora que se cumpren 40 anos da aprobación de Lei de Normalización Lingüística cómpre unha ollada ao camiño percorrido. É posible que nin sequera as voces máis críticas coa falta de concreción da citada lei imaxinaran un escenario de precariedade para o uso da lingua na xente nova coma o actual. Daquela, que é o que non está a funcionar? Cara a onde hai que dirixir os esforzos normalizadores?

Aquí, no noso hábitat, nos centros de ensino, tamén nos formulamos esas preguntas que buscan salvadoras respostas. Pero é tamén aquí onde reside parte esencial do capital transformador desa realidade coa que bate o noso idioma: mentres esa liña de actuación global non se faga efectiva, hai que reactivar o compromiso da sociedade co galego. Familias, profesorado, persoal non docente e e sobre todo alumnado, temos nas nosas mans o futuro da lingua, no día a día de todo o ano, nunha tarefa común que nos permita mostrar sen prexuízos a nosa achega a unha cultura universal diversa e conectada á realidade actual.

Neste curso 22-23, no Aquis constatamos ese potencial normalizador coa conformación dun Equipo de Dinamización moi numeroso e que acolleu moita rapazada recién chegada ao centro e tamén coa implicación da comunidade na voráxine dos 21 Días co galego e +.

Mais cómpre sermos esixentes tamén connosco: a innovación na dinamización e normalización da lingua galega conformouse como un dos emblemas do Aquis desde hai anos e isto obríganos a reafirmar, curso a curso, ese compromiso cara ao futuro. Debémollo a quen nos trouxo ata aquí.

## 21 DÍAS CO GALEGO E +

Pensa naquilo que che gustaría facer mais non o dás conseguido? Pensa nun hábito que che gustaría adquirir? Queres saber como? É moi sinxelo. Repíteo durante 21 días.

**21 Días co galego e +** é o nome que leva o programa de Dinamización da lingua que protagonizou a vida do Aquis entre xaneiro e febreiro. Durante tres semanas puidemos gozar da música, dos xogos, do baile, dos contos, dos trabalinguas..., e de moitas outras propostas lúdicas. Porque as linguas son un medio de comunicación e de relación. E as relacións teñen que ser sas, divertidas, interesantes, positivas...



Isto foi o que pensamos. Agora quedaba artellar un programa de actividades cuxo fin fose facilitar espazos e contextos nos que a rapazada se puidese relacionar en galego, de maneira natural, divertida, libre, sen condicionantes. Despois destes 21 días xa virían outros.. Isto só foi o comezo dunha historia que se escribe coas verbas da tradición, mais tamén con outras novas; unha historia que todos e todas construímos día a día, palabra a palabra, feito a feito.

E aquí van as propostas; con certeza atoparás algunha que che vai interesar:

### DÍA 1. INAUGURACIÓN

Para comezar, únete á festa. Escoitas xá a música? É a batucada que nos prepararon os nosos músicos. Sae, baila, móvete...!



## DÍA 2. CONCURSO "SEN TRABAS Á LINGUA"

*O tempo díxolle ao tempo  
o tempo que tempo ten  
hai que darlle tempo ao tempo  
porque o tempo sen tempo  
non sabe o tempo  
que o tempo ten.*

Non lle poñas trabas á lingua! É un músculo, móvea, exercítaa... e participa no I concurso de trabalinguas. Aínda que non ganes, as risas están aseguradas. Cal era o obxectivo? Comezar cunha campaña que reclamase máis presenza da lingua nas redes sociais.




## DÍA 3 CURTAQUIS E ACCIÓN!

Cine, cine, cine... máis cine, por favor! Alumnado de 2º Bacharelato que cursa esta materia demostrounos que a vida con cine vívese mellor.



## DÍA 4. IMPROVISACIÓN MUSICAL


Pensa en algo que che gustaría facer? Cantar? Pois colle o micro, o público está agardando. Atreveuse alguén? Por suposto! E con grande éxito pois houbo que ofrecer un segundo pase da actuación. Parabéns Brais!




## DÍA 7. MILLA SOLIDARIA E POLA LINGUA

Somos moitos e moitas. Cada un e cada unha de nós somos un gran de area que nos convertiremos na duna máis alta. Ven, participa na Milla solidaria! Ese era o reclamo e vaia se houbo participación!

En cooperación co centro veciño, o CPI Afonso VII, visibilizamos, en galego, a solidariedade do alumnado.



CORRENDO... POLO PRESENTE  
E POLO FUTURO DO IDIOMA.




## DÍA 8. TATUAXES E AQUISCRAFT GZ

Xa sei, o que máis che molan son os videoxogos. Pois tamén podes vir xogar, o AquisCraf GZ está a agardarte na aula de informática. Había premio para o primeiro grupo que construíra o Aquis.



Ese mesmo día había outra proposta: ademais, escolle un deseño, podes pintalo na túa pel se vas ao punto das tatuaxes. Éxito total!



## DÍA 9. OBRADOIRO DE CHAPAS

As chapas nunca pasan de moda. Sintetizan unha mensaxe moi importante nun espazo moi reducido. E despois móstroo, como bandeira! Cal é o teu lema? Pénsao e ven ao obradoiro de chapas.

Así convocabamos á rapazada e o resultado foi... que houbo obradoiro de chapas durante varios días!!



## Día 10. A CANDELORIA, LINGUA DE AMOR.

Sabes que o 2 de febreiro é o día no que casan os paxaros? Buscan a súa parella para voaren xuntos no ciclo que comeza. Ti tamén queres coñecer xente nova? Ou falar con alguén e non te atreves? Ou ligar? Ou simplemente pasalo ben? Podemos axudarte a encontrar a persoa coa que "cases" mellor no xogo "A Candeloria. Lingua de namorar"

Un ano máis, e desta vez dentro dos *21 Días co galego e +*, aproveitamos esta celebración para relacionala co amor no seu máis extenso sentido e, por suposto, co amor pola lingua.



## DÍA 11. FALAR POR FALAR (CONCURSO)

Es máis de improvisar? Esta é a túa actividade. Tes que ser rápido: unha imaxe, 2 segundos e... que historia sairá da túa boca?

Moito nos prestaron as narracións orais que nacían da imaxinación da rapazada!



## DÍA 14. EXPOSICIÓN CANTÁMOLA E XOGO DO LOBO.

Escoitaches a play list dos 21 Días co galego? (Escanea o QR) Ruxe-Ruxe, Sés, Factoría de Subsistencia, Ezetaerre, Paulinha.... Ademais, viches a exposición de música que hai no corredor central.

Comezaba o protagonismo da nosa música nos *21 Días*... coa exposición que nos cedeu o Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra.



Ese mesmo día, o Xogo do lobo entretivo durante o recreo á rapazada atraída polos xogos de rol e de investigación e descuberta.

## DÍA 15. BAILE XOGO.

As festas non son para estarmos sentados e sentadas. Hai que mover o corpo, así, así, para diante, para atrás, dando saltiños..., ao ritmo do acordeón de Sabela.






### DÍA 16. QUEN CANTA.

Tanta actividade musical remataba no concurso "Quen canta?" para demostrar como andabamos de oído! E de memoria!



### DÍA 17. PASAGALEGO.

Todas as persoas con ansias de coñecemento, participaron no Pasagalego que deseñou o alumnado de 1º ESO. Historia, lingua, ciencias, cultura xeral...



### **DÍA 18. XOGO DE FUGA.**

E como andas de dedución? Igual vas para investigador/a.

Isto foi o que se puxo a proba no I Xogo de fuga. Pechados/as nunha aula, para saír había que resolver 4 enigmas que levaban ás chaves precisas para abrir a porta e escapar do encerro.

Remate ben divertido para as actividades diarias dos *21 Días*...



### **DÍA 21. PECHE.**

O remate deste programa de Dinamización da uso do galego tivo un acto académico ao que asistiu o alumnado e o profesorado que colaborou nos vídeos do CPI Afonso VII e do IES Aquis Celenis. Tamén participaron no acto os directores destes centros de Caldas de Reis, así como as persoas que coordinaron o programa para todo o país, o presidente da Real Academia Galega, representantes da Consellaría de Educación, o alcalde e outros membros da corporación municipal, representantes das familias do alumnado...

Posteriormente, no patio do Afonso VII, houbo unha actividade lúdica de despedida na que participou todo o alumnado ao que ían dirixidos os 21 Días... Comezamos cun acto simbólico de apoio ao uso do galego e logo veu xa a música da rapazada, o discurso de despedida, o concerto de Factoría de Subsistencia, os obradoiros de tatuaxes, as fotos...



21 días intensos. 21 días de festa. Alá van! Pero isto non se acabou, porque detrás destes virán máis, moitos máis. Todos os que TI queiras. Porque TI es a peza máis importante desta historia.

Non o esquezas!

Non deixedes de botar un ollo aos vídeos que dan testemuño do enorme traballo da comunidade educativa do Aquis neste programa dos 21 Días co galego e + 2023.



**ODS 15: VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES**



**APERTURA E PECHE 21 DÍAS CO GALEGO E +**



**VÍDEO RESUMO DE ACTIVIDADES 21DCGe+**

## TEXTO DE DESPEDIDA DO ALUMNADO DOS 21 DÍAS

Bo día a todas e a todos.

Hoxe, o alumnado de dous centros públicos de Caldas de Reis, o CPI Afonso VII e o IES Aquis Celenis, remata a súa participación nos 21 Días co galego e +. Pero xa queremos adiantarvos que o que non remata hoxe é o noso traballo en favor da lingua. Tampouco comezara hai só tres semanas senón que vén de lonxe. O que fixemos, ao longo destes 21 días, foi “darlle gas”, “apurar o paso”... Puidemos bailar, rir, pensar, xogar e, en definitiva presumir de idioma.

Cadaquén foi establecendo os seus retos con respecto ao uso da lingua e nun casos seguro que se acadaron e noutros haberá que seguir insistindo ata que poidamos darlle a volta aos datos deses estudos que falan de que case a metade do alumnado remata a ESO sen poder expresarse con fluidez en galego.

Nos vídeos que fixemos para os *21 Días co galego e +* tratamos temas fundamentais para o presente e o futuro da sociedade: a protección dos ecosistemas e a consecución dunha igualdade de xénero real. En calquera deles vemos tamén que non é difícil establecer relacións coa situación do galego. O noso idioma é unha peza máis desa diversidade lingüística que enriquece a ollada sobre o mundo e por iso hai que poñer todos os medios para que conviva en situación de igualdade coas outras linguas: na educación, na economía... pero tamén na oferta de lecer para a xente nova. O galego ten que estar onde estamos nós, nos nosos espazos de encontro: na música, nos videoxogos, no cine e no teatro, nas actividades deportivas...

Os *21 Días* chegaron a Caldas coa forza dun trebón que deu paso a tres semanas de luz e que remexeu cousas como os horarios (algúns recreos foron máis longos, algunhas clases mudaron) ou o uso dos espazos (os corredores e os patios foron escenarios, a biblio: lugar de xogo...) e que abriu as portas dos armarios, sacando para fóra, ben á vista e con orgullo, rapazada e profesorado galego-falante. Tamén perdemos medos, que ao ser compartidos non foron tan grandes e así, disque se viu xente de Luisiana falando en galego con acento de alá ou xente de aquí que nunca falara en galego dicindo cousas como “bo día”, “eu tamén quero participar” ou “hoxe non chove”.

A xente da nosa idade precisa de retos, de desafíos que nos sirvan como motor para a acción. A lingua galega é unha das cousas polas que paga a pena un esforzo: individual e colectivo. Esforzo pequeno de ollada a curto prazo, xusto sobre o lugar onde poñemos o pé ao camiñar; e de gran esforzo de proxecto inmenso, de

mirada ao lonxe ata onde nos dea a vista para seguir vendo, alá tamén no final do camiño, a nosa lingua.

Estes *21 Días* que agora despedimos supuxeron para o Aquis e o Afonso un refacho de aire fresco, un vento de costas dos que axuda a avanzar, de accións novas para cada día que encheron de emocións e ilusións as mañás destas semanas. Algo para gardar na lembranza e para atesourar como semente que - necesariamente- medre, antes ou despois, en moitos e moitas de nós.



## I ENCONTRO INTERCENTROS DOS 21 DÍAS CO GALEGO E + COMPOSTELA 28 DE FEBREIRO DE 2023



Xa estamos a final de curso, mais non podemos esquecer aquel 28 de febreiro no que fomos de excursión a Santiago de Compostela como premio pola nosa participación, xunto con outros once centros galegos, nos 21 días co galego e +. Saímos xa de mañá en autobús ata chegar á Alameda compostelá. Ese foi o punto de encontro co instituto da Basella de Vilanova de Arousa e cos nosos veciños do Alfonso VII.



Alí, os nosos profes déronnos unha tarxetas de cores para formar grupos. Estes grupos eran primeiro de seis (aproximadamente dúas persoas do Aquis, dúas da Basella e outras dúas do Afonso) e logo máis numerosos. Primeiro fixemos uns xogos de presentación, con preguntas á xente do


noso arredor, para coñecernos mellor. Foron preguntas para comezar a socializar e ter un pouco máis de “confianza” e poder pasalo mellor o resto do día.

Logo, tamén en grupos, tocou facer unha xincana de coñecemento da cidade, na que algunhas nos perdemos un pouco e tivemos que rematar preguntándolle a persoas que pasaban por alí.



Despois disto, xa cara a hora de comer, comezamos unha camiñada bastante longa ata chegar á Cidade da Cultura, onde pasamos o resto do día.

Xa no auditorio, na gala deste I Encontro, realizamos a actividade do Bailexogo, presentada por Yegor Padín, na que a música foi interpretada pola profe Sabela e os nosos titores de baile foron Antía Rivas e Raúl Castro. Nesta gala participamos con moi diversas actividades todos os centros dos 21 Días..., na edición do 2023. Houbo música, “freestyle football”, beatbox, desfiles de moda, regueifas...



Quen presentaba era Esther Estévez, do Digocho eu, coa que fixemos unha foto de grupo antes das actuacións.

En definitiva, unha moi divertida despedida da nosa participación nos 21 Días co galego e +.

**Alicia Moure, Cristina Castro, Xiana Iglesias e Antía Rivas.**

## FERVEN AS ONDAS

Neste curso varias persoas do Equipo da Lingua do Aquis foron pasando pola sala de radio para, co apoio de Rubén, o profe de Filosofía, ir gravando “pílulas sonoras” que conteñen propostas de agasallos nas que a lingua é un valor engadido, con entrevistas a figuras do deporte do noso centro que abren camiño na igualdade ou a artistas que imparten aulas e contribúen a normalizar o idioma na música... En definitiva, pezas coas que compoñer un entretido podcast de *Ferven as ondas* que serve de continuidade ao traballo desenvolvido en anos anteriores.




## CALIGRAMAS

Nos primeiros anos do século XX xurdiron uns movementos artísticos cuxa pretensión era innovar a arte baixo unha premisa indiscutible: A **LIBERDADE CREATIVA**. As vangardas - así foi como se denominaron- eran movementos provocadores e rupturistas, afastados da tradición artística. Entre estes movementos estaba o cubismo.

Guillaume Apollinaire, un poeta francés cubista puxo de moda os caligramas, un poema visual que conxuga o contido e a forma nunha obra de arte única.

100 anos despois, os nosos rapaces e rapazas de 4º seguen a mostrar a imaxinación, a inspiración, a poesía e a creatividade a través destas obra artísticas.




**Julia García (4ºB)**



**Lucía Rivas, 4ºB**






**Aroa González, 4ªA**



**Paula Ruíz, 4ªA**



**Zaira Fontán, 4ªB**

## O MUSICAL (IN)ACABADO



Ímosvos contar como foi o experiencia de crear, da nosa man, un musical. Ao comezo da 3ª avaliación, Sabela, a nosa profesora de música, propúxonos a idea e, aínda que ao principio non foi ben recibida, ao final acordamos facelo. De que vai o noso musical? Escenifícase na praza de abastos da vila de Caldas de Reis, onde varios vendedores tratan de vender os seus produtos, atopándose con clientes de todo tipo: dende os que fan a súa compra tranquilamente a outros que queren tomarlles o pelo, un peregrino estranxeiro que está a facer o camiño de Santiago e queda entusiasmado cos mariscos galegos, un ladrón (moi ladrón) que trata de roubar todo o que pode e máis e un policía que terá que empregar a lei para solucionar os problemas.


Nun principio non tiñamos moi claro o rumbo que ía tomar a obra pero pouco a pouco conseguimos xuntar ideas ata conseguir completar esta historia (e non foi nada fácil!).

Sen dúbida, a parte máis complexa deste proceso foi a composición: tivemos, sesión tras sesión, que ir elaborando os distintos papeis que ían tecendo o argumento, con diferentes fórmulas rítmicas. E grazas ao noso arduo traballo, (aínda que con algúns tropezos) logramos darlle forma e rematar, dunha vez por todas, este musical, con “atrezzo” incluído.

Cando xa non contabamos moito con esa posibilidade por falta de tempo (e de aí o de “(in)acabado”), finalmente chega a parte máis “desagradable”: a interpretación. Enfrontarse ao público, para nós, é algo que asusta, pero cremos que o noso traballo debe saír á luz. Temos que deixar os nosos medos atrás e facer a mellor interpretación posible. Faremos a estrea na derradeira semana do curso e non podemos negar que hai moitos nervios no grupo. Pero únenos o compromiso co traballo realizado e sabemos que todo irá ben.

Desexádenos sorte!

**Alumnado de 2º ESO A**



**Claudia Silva, 4°A**

### 3 CANTIGAS DE AMOR E DE AMIGO POR PEDRO LAMAS

#### A xefa da tribo

Cantarte hei Aniña.  
na lingua galega, (...)  
cal ela, ningunha  
tan doce que cante

Grande atrevemento é, sen dúbida, para un pobre enxeño como o que me cadrou en sorte, dar a luz un escrito para Ana Rial Aparicio, cuxas liñas debían estar cheas de sol, de harmonía. A grande Ana, a que considero medio irmá, nai, mestra. Herdeira da súa admirada Rosalía, da que tomo estas primeiras liñas.


De Ana aprendín todo. Porque Ana está, estivo e é todo o que pode dar de si o Aquis en todos estes anos. E cando está Ana, hai brillo, hai perfección, hai traballo e hai amor. Amor na lingua que dinamizou o Aquis, amor no grupo de teatro, no Club de Lectura. Ben lembro o ano que chegou, tendo cativos ben pequenos a de horas de martes e xoves tarde que pasou neste centro, horas compartidas, nas que eu vía esa forza da natureza. Ana a grande, como eses cons dos que ela tanto gosta. E neses cons, pedras, ducias de rapaces e rapazas que seguían á gran barda. Ana lideraba, Ana dispuña e o resto bailabamos con pasos torpes a coreografía celena que ela creaba. Ana sabe que o ensino vai máis alá dun libro de texto, ela é educadora, a mellor que coñezo. Innovando ano tras ano, formándose, creando novos xeitos, sempre indo máis alá, perseguindo utopías que só ela é quen de alcanzar. Todas as grandes ideas deste centro veñen dela. A organización de cada pequeno acto. Estando en xefatura, tiña na cabeza a vicedirección e sempre que tiña dúbidas ela sabía, dicía, facía... Ana é sabia e sempre escoitei os seus consellos. É a xefa da tribo. Ana non é toxo, por moito que pareza dende fóra. É flor de toxo, a flor da Galiza, a flor dourada, a máis prezada. As espiñas protexen a súa vulnerabilidade, a súa sensibilidade... porque Ana ri, sorrí, e eses risos lévoos gravados na miña memoria, nas lembranzas de viaxes compartidas, eses maravillosos días de Porto, de Viana, onde Ana gozaba da compañía do alumnado, da viaxe, da vida. Ana é paixón e compromiso, é rebeldía. Ante ela síntome moi pequeno, diminuto, tan pouca cousa. Sei que ela como o seu compañeiro amigo Rosales, non é de acreditar nas individualidades. E sempre di: coa axuda dos compañeiros, compañeiras imos conseguilo. Ana é loitadora, é o meu exemplo de vida. Grazas por todo, por tanto que fixeches e loitaches polo Aquis, polo teu alumnado, que ve en ti a mellor das profesoras e recibe todo o amor das túas clases.. Ana ten un corazón que desborda, por iso as espiñas a protexen dos cravos. A saber se de ouro, de ferro, ou amor...

Ana, es das persoas que máis quero e admiro. Grazas por sempre

José Formigo Couceiro.

Chegou ao Aquis, e foi Aquis ao momento. Nestes anos rodou un filme de época, outorgando no seu paso elegancia, música, arte, decorando escenarios, enchendo de cores a historia do noso centro. Compromiso dende o momento cero. E sempre co seu sorriso calmo, sempre amable, doce, cerca do alumnado, cerca dos compañeiros. José Formigo Couceiro, cal home renacentista, de virtuosa melodía de violín, debuxando mañás, tardes e noites de traballo incansable. Sempre disposto a todo, grande, grandísimo compañeiro. José Formigo Couceiro, soa o retroso, o eco dese son, que resoa polos corredores, polo patio, polo teito, por todos os recunchos que tanto mimaches do noso centro. E dan gañas de cantar e repetir o teu nome, apelidos, dunha vez ata un cento. Sempre agasallando as mellores conversas, delicadas, profundas, amenas. E alzamos todos as copas e alzamos as nosas voces e a coro cantamos José Formigo Couceiro, por sempre ti es Aquis, por sempre deixarás o mellor dos recordos con cada un dos teus compañeiros. E aí vai a despedida, os celenos saen en gran comitiva, e eu berro desafinado:

José, es das persoas que máis quero e admiro. Grazas por sempre



Marcha Rosales, Manuel Rosales Graña. Gran marcha triunfal e "acenan mil adeuses as estrelas". A tribo d'os celenos e celenas sae das augas e desfollan a rosa d'os ventos d'e seu corazón. Encadaremos adeuses d'escuma e choraremos os mil chorares polo gran capitán do Seixo que arrumba proa as estrelas. Navegamos con el o mundo que tanto viaxou en varias voltas e reviravoltas, e coa súa sabedoría deixou un legado imborrable en nós. Non podo deixar de empregar os versos do seu amado Manuel Antonio, versos que levo tatuados no corazón grazas a el, pois ao pouco de escoitalo falar de *Catro a catro* devorei o libro en bucle e quedei prendado. Rosales é un home grande, grande de saber, grande de esforzo, pero de máis grande corazón. Lembro unha tarde falándolle de Silvio Rodríguez, que eu pouco coñecía, e do que gostaba a miña muller... Ao día seguinte deume un cd con centos de cantigas de Silvio gravadas. Daquela non se gravaba moito en cd, o traballo e tempo que pasou en facer iso para alguén a quen non coñecía moito causoume unha fonda impresión. Sempre foi así, o tempo que empregou para facer felices e para facilitar o tempo dos demais... todos os programas informáticos que creou para o instituto, todas as axudas aos compañeiros. O talento e coñecementos de Manuel son abrumadores, mais aínda é maior a súa humildade. E moito do alumnado ao que Manuel deu clase tivo esa mesma impresión. Coñecín alumnos e alumnas que non só admiraban ao mestre, senón que lle tiñan verdadeira devoción.

Manuel, é un home, un país, Galiza, un mundo, un universo, e ten tantas luces estrelas que non caben no barco, no Aquis, na noite e en nós. O menos que merece Caldas e levar o seu nome nunha rúa, ou instituto Aquis Rosalis, plantar roseiras por toda a xeografía caldense que testemuñen o peso, a vida que segue presente, a que entregou en case vinte anos de director e xefe de estudos, e moitos máis de profesor, facendo deste centro dos mellores de Galiza, cando menos en xestión e liderado. Nunca submiso, sempre afouto, sempre en Galiza, sempre en Rosales.

E fomos ficando sós (que pouco orixinal)

o Aquis, Caldas e mais nós

Roubáron-nos o Sol (...)

Roubáron-nos o vento

Aquel veleiro que se evadeu

pol-a corda floxa d'o horizonte


E os adeuses d'as nubes mudos e irremediabes

e nós celenos cantamos a Rosales, choramos polos recunchos:

Vente ventiño d'ó mar  
vente ventiño mareiro  
Vente ventiño d'ó mar  
vente noso compañeiro

e a auga toda d'os oucéanos  
ensumeu-se n-unha bágoa

Manuel, es das persoas que máis quero e admiro. Grazas por sempre



**Iago García (4°ESO B)**

## CLUB DE CIENCIA

A andaina do Club de Ciencia do Aquis, "Aquisciencia", comeza o curso pasado coa intención de converterse nun espazo dedicado a fomentar as vocacións STEM na xente máis nova, en especial nas rapazas, a través de dinámicas atractivas, lúdicas e participativas que as motiven.

Yegor, Adrián, Raúl e Iker son algúns dos veteranos, xa levan dous cursos no club. E algunhas das novas incorporacións son Rosalía, Victoria, Hodei, Gabriel, Álvaro, Bianca e Cristelle. Tamén Xan, Matías e Miguel. Todos sinalan que lles encanta o ambiente que se respira no club, as comañeiras e os compañeiros e a maneira de aprender divertíndose.

Todas as actividades desenvolvidas no Club de Ciencia o curso pasado tiñan un mesmo fío condutor: a mensaxe de SOS enviada dende Andrómeda pedindo axuda para salvar a súa galaxia do efecto invernadoiro. Aprendemos a descifrar mensaxes para comunicarnos cos andromedianos, iniciámonos na astronomía, analizamos as condicións de xerminación máis favorables das landras da "nosa carballeira" aplicando o método científico, utilizamos microscopios para ver microorganismos, reciclamos aceite usado para facer xabón e construímos un cargador solar.

Este curso o fío condutor foi preparar o escenario para unha posible visita virtual dos andromedianos. Teremos que construír unha cúpula para que teña lugar ese encontro. Comezamos construíndo poliedros con papel, reciclamos aceite usado para facer candeas, analizamos mostras de auga, programamos con scratch, fixemos papel reciclado e manexamos robots para defender e protexer unha zona. Como podedes ver non nos aburrimos nada. E como di Rosalía, unha das integrantes do club, animamos a máis rapazas a participar nas actividades de Aquisciencia. Se queres saber máis acerca destas actividades visita o noso blog escaneando o código QR.





## OUTRO ANO REGUEIFANDO

No mes de novembro volveu a regueifa ao centro. Un ano máis e aproveitando o programa que pon en marcha a Deputación de Pontevedra e a Asociación ORAL, quixemos que o noso alumnado de 1º da ESO experimentase coa palabra rimada e improvisada. En dúas sesións que estiveron dirixidas por dúas grandes figuras regueifeiras, Lupe Blanco e Josiño da Teixeira, a rapazada máis nova do noso centro comprobou como a tradición oral nos conecta con moitas outras culturas no mundo e ademais é unha ferramenta de aprendizaxe e de diversión.



Ademais, neste curso, o alumnado de 2º ESO A colaborou na regueifa colectiva do Regueifando! 2023. Podedes ver o seu magnífico traballo a partir do minuto 9 e 5 " escaneando o código QR:



## O AQUIS CELENIS, ANFITRIÓN NUN INTERCAMBIO DO PROGRAMA JAVACAL

A mediados do mes de outubro acollemos no noso instituto a dous grupos de alumnado e profesorado cos que compartimos un programa do Ministerio de Educación para o Agrupamento de centros ao que denominamos JAVACAL (Jaén, Valladolid, Caldas de Reis).

Na tarde do mércores 19 recibímolos cun xantar no que se implicaron de maneira exemplar as familias de 4º da ESO. A partir dese momento comezou a forxarse un bo ambiente de interrelación entre a rapazada ao longo das actividades previstas: os xogos de presentación, o roteiro por Caldas guiado polo noso alumnado e a acción de concienciación ambiental na contorna da carballeira, cunha limpeza na que participaron os tres centros.

Na xornada do xoves 20, todo o alumnado participante (un centenar de rapazas e rapaces de 3º e 4º da ESO) puido coñecer o proceso de elaboración das conservas na fábrica de Dardo en Vilanova de Arousa e, a continuación, dar un paseo pola vila de Cambados. Cara ao final da mañá visitamos o Mosteiro da Armenteira e, despois de xantar, fixemos unha actividade de dinamización lingüística.

Pola tarde, gozamos da zona histórica de Pontevedra e acabamos descubrindo onde se atopa e cal é a historia do "Tesouro de Caldas".

En definitiva, ao longo do día e medio de convivencia dos tres centros, puidemos comprobar o efecto motivador do traballo colaborativo e interdisciplinar así como o enriquecemento persoal e educativo que provoca no alumnado e no profesorado.



## SEMANA DA CIENCIA EN CALDAS

Un ano máis a ciencia saíu á rúa a finais do mes de abril. Trátase dun proxecto de divulgación científica que implica todos os centros de ensino de Caldas de Reis. Os rapaces e rapazas do noso centro expuxeron os seus traballos para o resto da comunidade educativa e da cidadanía en xeral.



**Cristelle Gallas (1ºESO A)**


## TRABALLANDO EN IGUALDADE. 25 N

A comezos de novembro puxéronse en marcha no instituto varios obradoiros coordinados polo departamento de Orientación coas titorías de 1º e de 4º da ESO. Son actividades froito da colaboración co Centro de Información á Muller (CIM) do Concello de Caldas que foi quen nolas ofertou. Seguimos pois participando en accións que buscan espallar valores de igualdade e respecto e que sirvan para combater a través da reflexión e do coñecemento o machismo presente na sociedade.

No caso de 1º da ESO foron catro sesións e levaban por título *Quérote, quérome*. Para 4º da ESO escolleuse traballar en dúas sesións nas se procura nos mozos a reflexión sobre novos xeitos de entender a masculinidade e nas mozas traballar conceptos como empoderamento, diversidade sexual...



Ademais destes obradoiros, o departamento de Orientación coordinou en colaboración co CIM dúas actividades lúdicas e con vontade de remexer consciencias ante a violencia machista. O alumnado de 3º da ESO asistiu o xoves 24 de novembro, no Auditorio Municipal, á representación da obra *#2pilgrims*, de Redrum Teatro. Ao día seguinte e no mesmo escenario, a compañía Serea Teatro representou para o alumnado de 2º de Bacharelato a súa obra *Sen lingua*.



## 25 N

O Día Internacional para a eliminación da violencia contra a muller conmemorouse no Aquis Celenis con dúas accións que se sumaron a todo o comentado anteriormente.

Por unha banda, sumámonos á proposta dun minuto de silencio, ás 12:00 do venres 25, do Observatorio Galego da Violencia de Xénero. Fixémolo diante da entrada do instituto e visibilizamos, vestindo de negro, o noso rexeitamento a todo tipo de violencia contra as mulleres. Neste sinxelo acto lemos tamén o poema "Perségume a historia..." de Luz Airado Bello.



Ademais, ao longo de toda a mañá, desenvolveuse no centro unha acción artístico-reivindicativa coordinada polo departamento de Música. Un total de 9 alumnos/as de 1º Bacharelato, repartidos en grupos de tres, pasaron polas aulas do instituto para recitar, con acompañamento musical, o poema "O xiz" de Andrea Fernández Maneiro. A acción remataba coa lectura dun manifesto elaborado por parte do alumnado que integra o Grupo de Igualdade.

### MANIFESTO 25 N\_AQUIS CELENIS

Bo día.

Estamos hoxe aquí para visibilizar o noso compromiso neste Día Internacional para a Eliminación da Violencia contras as Mulleres.

Queremos denunciar a trágica presenza da violencia machista na nosa sociedade aínda a día de hoxe, case rematando o primeiro cuarto do século XXI.

Segundo o Barómetro realizado polo Ministerio de Igualdade para 2019 sabemos que un 55% de mulleres sufriron algún tipo de violencia de xénero aínda que só se denunciou nun 20 % deses casos.

No que levamos de 2022 van 33 mulleres asasinadas no estado e dende 2003, ano no que se comezaron a recoller datos, son case 1200 nas cifras oficiais que seguramente non casan, por defecto, coas reais.

Nos últimos anos, ademais, as actuacións das mulleres violentadas vense condicionadas pola amplificación mediática de denuncias falsas, que crean un discurso minimizador da traxedia e crean indefensión nas vítimas. Vemos casos nos que estas son ridiculizadas sen ter en conta a dor e o sufrimento do seu día a día, intentando superar non só a propia agresión senón tamén eses comentarios que as culpabilizan.

Nós como adolescentes temos exemplos próximos en parellas nas que se converte en comportamento habitual a revisión do móbil, o coñecemento dos contrasinais de diversas aplicacións e redes, e incluso as ameazas de agresión se non se cumpren as expectativas nas relacións íntimas.

A nosa voz hoxe aquí rebélase contra esta situación e facemos noso un berro que a sociedade galega interiorizou de forma exemplar: **NUNCA MÁIS A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES**

**IES Aquis Celenis.**

**Caldas de Reis, 25 de novembro de 2022**

## 23 F\_QUE DIRÍA ROSALÍA?



Se vivise hoxe, a poeta do Sar de seguro que lle poría voz aos refuxiados e refuxiadas, ás vítimas da violencia de xénero, ás persoas afectadas polos desafiuzamentos das súas vivendas, ás traxedias no mar Mediterráneo, aos afectados polas moitas guerras...

Hoxe, máis de un século despois, os problemas sociais son en moitos casos os mesmos.

Este ano, seguindo a proposta de AELG, e o lema CUMPRIUSE A XUSTIZA, o noso alumnado púxose no lugar de Rosalía e, a través das súas palabras, déronlle voz a todos e todas as afectadas polas inxustizas sociais.

Os seus versos penduran, como panos postos a secar nun campo de refuxiados, dunha corda do corredor central.

A celebración do Día de Rosalía no Aquis culminou cun recital músico-poético para os dous primeiros niveis da ESO, realizado polo alumnado do CLUB DE LECTURA acompañado por Gonzalo (2º ESO) á guitarra.

## 8 DE MARZO (TODOS OS DÍAS DO ANO)

É sempre preciso recordarlle ao noso alumnado os nomes daquelas mulleres que contribuíron a que hoxe sexamos estudantes, mestras, médicas, xuízas, condutoras, ferreiras, artesás, avogadas..., VISIBLES E PRESENTES na vida. Pero tamén é preciso recordar que aínda queda moito por facer e que nunca se debe permitir un paso atrás.

Os libros están aí para mostrárnolo, para recordárnolo. A Biblioteca, con motivo do Día da Muller, sacou ao corredor unha selección dos fondos que recollen biografías ilustradas, poemarios, contos, ensaios... de mulleres imprescindibles na nosa historia. En galego, tedes moito onde escoller!!



## FESTA DAS LETRAS

Levabamos tempo dándolle voltas á idea de facer unha festa para conmemorar as Letras galegas. Unha festa que celebre o orgullo de existir desde este curruncho atlántico. Por iso, o venres 19 de maio o Aquis encheu o multiusos de rapazada ansiosa para

CELEBRAR A CULTURA

CELEBRAR A PARTICIPACIÓN

CELEBRAR COMPARTIR

CELEBRAR DIVERTIRSE

CELEBRAR A LINGUA

Foi un acto que aglutinou todo o bo facer do noso alumnado ao redor da lingua: contos, rap, xogos, música, trabalinguas...

Foi un acto artellado desde a Biblioteca e o Equipo de Dinamización da Lingua

Foi un día de festa no que nos sentimos orgullosos e orgullosas de existirmos no mundo desde a nosa CULTURA.

Para o próximo curso, máis!!!!



## FESTA DAS LETRAS

O venres dezanove de maio, para celebrar as Letras galegas no noso instituto, reunímonos todo o alumnado da ESO, a última hora da mañá. No acto tivo total protagonismo o alumnado: tivemos uns grandes presentadores, Lola (1º ESO) e Yegor (2º ESO) que foron dando paso ás diversas actuacións, vídeos...

Rosalía (1º ESO) tocou a pandeireta xunto con Sabela, a profesora de música. Interpretaron o "Pasodobre de Imende" e mentres Rosalía ía cantando os demais tamén cantabamos para acompañala. E non nos podemos esquecer do rap de Brais. En fin, canto talento musical!


Como seguramente sabedes, o Día das Letras Galegas deste ano está dedicado a Francisco Fernández del Riego e, para coñecelo mellor, puidemos ver un vídeo sobre a súa vida que gravou o alumnado do Club de lectura. Tamén puidemos ver outro vídeo con varias recomendacións lectoras por iniciativa do Equipo da biblioteca.

A continuación fíxose a entrega dos premios dos 21 Días co galego e máis do Tíralle da Lingua.

E polo medio soaban temas que xa se fixeron moi coñecidos para nós neste curso pois estiveron moi presentes nos 21 Días: "Carballeira" de Marcelo Dobode, "Cultura crítica" de Nao...

**Rosalía Bestilleiro, Carmen Fariña, Hodei Rey e Álvaro Carlos Seco (1º ESO) .**

Se escaneas estes códigos QR poderás ver a biografía de Fernández del Riego e as recomendacións de libros en galego.





## COMEZO DE CURSO, COMEZO DOUTRA HISTORIA

Xa queda ben lonxe aquel 8 de setembro no que comezou este curso e volveu o alumnado ás aulas do Aquis Celenis.

Ese primeiro día é moi especial para as rapazas e os rapaces que se incorporan ao noso centro e nesta ocasión quixemos facerlle un recibimento que lles mostrase a importancia que teñen para nós á hora de concibir a súa formación, ademais das actividades nas clases das diversas materias, as actividades complementarias (e extraescolares).

Logo das presentacións nas respectivas titorías, o alumnado de 1º da ESO e tamén o de 2º, asistiu a unha actividade de narración oral que tivo como protagonista a Celso Fernández Sanmartín.

Ao longo de case unha hora, o contador das terras do Deza, soubo transmitirle á rapazada o valor das conversas e engaiolalos con historias que nacen alá atrás no tempo e chegan a nós para seguir entreténdonos e ensinándonos.

A historia deste curso comezou a ser contada!




## TÍRALLE DA LINGUA

Moito nos gusta no Aquis traballar a oralidade. E á nosa rapazada tamén: pásao ben e goza coa lingua.

E ademais, acabamos sendo recoñecidos cun dos premios do concurso que organiza a AS-PG. Que máis podemos pedir?

Parabéns a todos os participantes, pero sobre todo a Ingrid Cancela, de 3º da ESO, gañadora do 2º premio na súa categoría a nivel galego e a Diana Castelo de 2º Bach. que gañou tamén na súa categoría no certame a nivel de centro.

Non deixedes de escoitar as súas historias:



## PROFESORADO CELENO POLO MUNDO

En novembro de 2022 os profes celenos Salomé Bailón e Antonio Domínguez partiron cara a Ottawa (Canadá) e Porto (Portugal), respectivamente, para participar no Programa Integral de Aprendizaxe de Linguas Estranxeiras (PIALE) que permite que o profesorado galego poida integrarse no ensino e na cultura doutro país durante un mes.

Imos coñecer de primeira man como foron as súas estadias.

### En que consistiu a vosa experiencia?

Antonio: No meu caso, participei na modalidade de integración. Puiden integrarme no sistema escolar portugués durante catro semanas e observar o seu funcionamento desde dentro. Estiven na Escola Secundária Clara de Resende, no Porto.

Salomé: Igual que Antonio, durante case un mes participei na vida escolar de dous centros de Ottawa: Featherston Drive Primary School e Glebe High School.

### Como era o instituto no que estivestes?

Antonio: A Clara de Resende ten alumnado do segundo (5º e 6º anos) e terceiro (7º a 9º anos) ciclo da Escola Básica e da Escola Secundaria (9º a 12º anos), con idades entre os 10 e os 18 anos. O alumnado do primeiro ciclo da primaria estaban nunha escola subordinada á de secundaria.

Salomé: Featherston Drive era un centro moi distinto ao noso, xa que tiña alumnado de idades entre os 3 e os 14. En Canadá o alumnado de 1º e 2º ESO forma parte da etapa primaria (Grade 7 e Grade 8). O centro tiña aulas específicas para atender á diversidade de todo. O Glebe era o típico instituto das películas americanas: co seu comedor, as aulas específicas de materias, os armariños nos corredores... Foi unha experiencia totalmente distinta á de Featherston Drive, xa que a rapazada tiña un docente por materia, coma nós na Secundaria, e as idades comprendían entre os 12 e os 18 (de 3º ESO a 2º Bacharelato).

### Notastes moita diferenza entre as clases do noso instituto e as do centro no que estivestes?

Antonio: Hai varias diferenzas. En Portugal, o alumnado ten aulas pola mañá e pola tarde como aquí, pero van ao centro máis tardes. Teñen só cinco sesións de aulas pola mañá, e teñen igual tres tardes con menos aulas, por exemplo.

A escola tamén ten máis servizos. Por exemplo, hai unha cantina onde o alumnado pode comer entre as aulas da mañá e da tarde por un prezo moderado, hai unha papelería na escola onde podemos comprar bolígrafos, rotuladores, papel, etc. á parte de facer fotocopias. Tamén é o sitio onde o alumnado ten que comprar as follas de exame, obrigatorias para presentarse a calquera tipo de control.

Chamoume a atención tamén a formalidade entre alumnado e profesorado. Refírense aos mestres como "s'tor" ou "s'tora" (forma reducida de senhor/a doutor/a).

**Salomé:** As clases de Featherston Drive son en horario de mañá e tarde. Sobre as 12 ou 13 horas, nunha das dúas pausas que teñen ao longo da xornada, comen o que traían da casa. En Glebe é igual, pero hai cantina ou comedor, polo que os rapaces e rapazas poden xantar (e incluso almorzar!) aí se queren. Neste último centro, a organización das clases pareceume peculiar nun primeiro momento, xa que o horario e a oferta cambia a metade de curso; é dicir, se unha alumna ten a materia de Literatura no primeiro cuadrimestre, no segundo terá outra distinta.

Polas tardes hai moitas opcións de actividades extraescolares no centro, como clubs de música, lectura...

### **Que vos pareceron as clases?**

**Antonio:** As clases eran moi parecidas ás nosas polo xeral. O máis interesante é que teñen unha materia de lingua portuguesa non materna para o alumnado recién chegado ao país. Eu puiden acompañar as aulas de dous ucraínos do noveno ano que aprendían portugués de cero.



**Salomé:** No de Primaria as clases eran moi prácticas e realizaban proxectos en case todas as materias. Os alumnos sentaban en mesas circulares, como é típico nas nosas clases de Primaria, aínda que cada profesor escolle como organizar a súa aula. No instituto as clases de linguas que vin semellábanse moito ás nosas.

### **Que foi o que máis vos sorprendeu?**

**Salomé:** O que máis me sorprendeu foi os recursos que hai para atender á diversidade no centro de Primaria. Existen programas de inmersión lingüística dentro do horario escolar en inglés e en francés, ámbalas dúas linguas cooficiais en Canadá, para o alumnado procedente doutros lugares do mundo. Ademais, naqueles casos nos que os alumnos e alumnas non saiban nada de inglés nin francés, ofrézcelles clases individuais con docentes especialistas para comezar no nivel que corresponda.

### **Cales son as diferenzas no o estilo de vida entre Galicia e Canadá/Portugal?**

**Antonio:** Os portugueses son moi parecidos a nós, pero os horarios non, faise todo máis cedo que aquí. Polo xeral son máis formais e silenciosos, pero son moi amables.

**Salomé:** Eu convivín cunha familia canadense de orixe mexicana e a súa rutina non era moi distinta á que poidamos ter nós. O que cambiaba era que a partir das cinco da tarde, xa non había ninguén pola rúa, a xente volve de traballar e queda na casa dende tan cedo. Aquí vivimos máis, xa que as cinco para nós é o comezo da nosa tarde e estamos moi activos. Tamén é certo que nós temos luz natural durante moitas horas e alí a esas horas xa está todo escuro.

### **Que tal o tema das comidas?**

**Antonio:** En Portugal a comida está sempre moi rica. Puiden comer a "*francesinha*", que é un sándwich de varias capas que leva carne, salchicha, xamón, queixo e ovo, e unha salsa picante

por riba. Tamén era moi práctico ir a calquera café ou pastelería e sempre ter algo salgado ou doce que comer rápido, como *rissóis*, pasteis de nata ou pasteis de *feijão*.

**Salomé:** En Canadá non se come como aquí. O que nos vendían como "típico" era o *poutine*, popular na zona do Quebec, unha mestura de patacas fritidas con queixo e salsa (*gravy*). Soa moi apetecible, pero non estaba bo. De sobremesa podería mencionar a *beavertail* (literalmente, rabo de castor) que non é máis que unha masa de fariña á que se lle engaden extras por enriba, coma plátano e chocolate e outras combinacións para todos os gustos. Non podemos esquecer o clásico sirope de arce, excelente nas tortiñas.

### **Cal foi o momento máis emocionante ou sorprendente para vós?**

**Salomé:** Vai parecer una parvada, pero un dos momentos que recordo con máis cariño foi cando fomos a unha excursión e nos montaron nun autobús amarelo, deses que saen en todas as series e películas. A nivel profesional, encantoume escoitalle ao alumnado as súas reflexións nas clases de literatura do instituto: lían durante unha parte da clase para despois reflectir e discutir en grupos. No caso da escola, apreciei como se fomentaba a autonomía do alumnado; por exemplo, eles decidían en todo momento que facer e como levalo a cabo para acadar o que lles pedía o proxecto.


### **E que outras cousas fixeches?**

**Antonio:** Puiden aproveitar a miña estadía no Porto para coñecer mellor a cidade, ver exposicións, ver filmes en portugués, comer diferentes pratos locais... Eramos un grupo de vinte profesores de diferentes sitios e especialidades, todos con interese en traballar co portugués nas súas escolas. Tamén foi unha ocasión para coñecer outras experiencias docentes e intercambiar coñecementos. E facer excursións conxuntas co grupo, como a visita ao Museo do Douro en Peso da Régua ou ao Museo do Brinquedo en Ponte de Lima.

**Salomé:** Coñecín Ottawa e visitei outras cidades do leste do país, coma Montreal ou Toronto. Probei gastronomías distintas, visitei un parque natural no que podías darlle cenouras aos renos, paseei por paisaxes completamente distintas con neve ata os xeonllos, vin un partido de *hockey*... Aprendín moito e grazas a esta experiencia aprendín varios aspectos de pedagogía e outras perspectivas docentes coas que crecín e seguirei crecendo como profe e como persoa.

**EDLG**

## **ENTREVISTA A SIDNEY**



Facendo parte das colaboracións dos distintos departamentos no programa dos 21 Días co galego e +, queremos animar á comunidade celena a escoitar a interesantísima entrevista que

Nerea Negreiro, alumna de 2º Bach., lle fixo á nosa compañeira Sidney McGovern, auxiliar de conversa en inglés.

Grazas a Manuela, no seu curso de despedida do Aquis, e ao resto de compañeiras do departamento por ter servido de ponte para á realización desta gravación que permite achegar unha visión desprexuízada e que pon en valor a diversidade cultural e lingüística.

## AS BESTAS



Hai uns días fun ver *As bestas*, un filme galego baseado nunha historia real que conta a historia dunha parella francesa tras a súa instalación nunha aldea galega. A súa mala relación cos veciños e o rexeitamento cara á apropiación territorial por parte dunha empresa eólica desencadean graves consecuencias. No filme móstranse ambas as dúas caras do mundo rural, así como unha situación diglósica da que todos somos cómplices.

O mundo rural galego é -e máis desde hai uns anos- un atractivo turístico e, atrévome a engadir, obxecto de escaparate; algo que todo o mundo aprecia dende fóra, como destino de desconexión ata volver á atafegada vida na cidade; mais só uns poucos son quen de observar máis alá. En *As bestas*

atopámonos de cara coa dura realidade da despoboación rural; os habitantes queren fuxir ás cidades que lles ofrecerán unha "vida normal", unha vida cosmopolita.

Porén, tamén observamos a outra cara da moeda, a da posibilidade de manter unha vida totalmente válida nun lugar remoto e despoboado. No filme, os veciños galegos proxectan o seu odio na parella francesa, xa que os asocian con aquilo que non teñen: o intelecto e a educación inexistentes no rural, as viaxes que non puideron realizar, as rendas que nunca acadaron...

Con isto quero dicir que saímos a defender (verbalmente) a nosa cultura, preocupados por preservar o que nos caracteriza como pobo, en sentírmonos privilexiados, donos do diferente; mais a situación do abandono do rural é cada vez máis grave: os rapaces xa non son criados entre millo e hórreos, senón entre edificios; as chemineas deixaron de fumea, agora fano os tubos de escape; as persoas marchan, só fican os recordos.

*As bestas* tráenos esa visión crúa e verídica do rural galego. Non o deixemos no esquecemento.

**Catuxa Rodríguez (2º Bach A)**

## O GALEGO NO NOSO INSTITUTO

Non é un dato novidoso o de que o galego é cada vez unha lingua menos falada polas novas xeracións. Isto é preocupante para o noso idioma e para a conservación da nosa cultura.

Baixo a miña propia experiencia, como galegofalante dende sempre, teño que dicir que o cambio da escola ó instituto, en canto á lingua, foi moi brusco, pois alí todas as alumnas e alumnos, e tamén todo o profesorado, falaban en galego, polo que ese foi sempre o meu día a día.

Pola contra, cando cheguei ó Aquis, a realidade era ben distinta. Para a miña sorpresa a maioría dos meus compañeiros e compañeiras, e moitos dos profes, falaban en castelán. Isto tamén contrastaba coas actividades que se desenvolvían no instituto para promover o galego, como as do Equipo de Dinamización ou o Club de lectura, dos que formei parte durante uns anos. Dunha maneira ou doutra, estas actividades serviron para que o galego tivese máis presenza no centro, e alégrame dicir que cada vez son máis os rapaces e as rapazas que se apuntan a estes grupos.

Tamén me alegra poder dicir que co paso dos anos notei como os galegofalantes do Aquis aumentaban en número, ou se facían máis visibles para min, e como amigas miñas que cando entraron en 1º da ESO falaban normalmente en castelán no instituto, rematan agora 2º de Bach. sendo neofalantes, e moi orgullosas diso.

Sen dúbida creo que o feito de que dende o instituto se lle dea sempre a importancia que merece ao noso idioma, en todos os ámbitos, axudou e axuda a que a liña de galegofalantes e de xente concienciada coa nosa cultura siga en aumento.

Oxalá que cando volva de visita á que foi a miña segunda casa durante seis anos, poida ver ós meniños e ás meniñas sentíndose orgullosos de ser galegos, e demostrando que o noso é un idioma fermoso e de futuro.

**Inés Blanco (2º Bach.)**

## A DESMEMORIA

O único recurso que lle quedaba era ollar o seu libro de historia. Nunha das moitas pasadas de páxina leu: “O que non coñece a súa historia está condenado a repetila”. Preocupada, volveu atender.

Mais que historia pretende coñecer esta rapaza?, que versión ou nesgo da realidade lle mostrarán a ela así coma aos demais nenos e nenas? As sociedades da actualidade só están ao tanto dos grandes feitos históricos que lles obrigaron a estudar no colexio. Mentres, os adultos, que pretenden ser maduros e coherentes, pónenlles un exame de doce temas desta “historia” de España co que decidirán o seu acceso a estudos superiores. Pero isto de verdade é historia? Cal será a consecuencia desta práctica absurda de memorizar sistematicamente datas, nomes e feitos que carecen de reflexión e profundidade?

Cantos maiores contan historias aos seus rapaces e rapazas?, cantos maiores trasladan o seu saber? Pois realmente esta é a historia dun pobo: as anécdotas esquecidas, os sentimentos agochados e o lixo de debaixo da alfombra; ese que non debemos esconder máis. Dicimos preocuparnos pola xuventude, mais non os estamos condenando a repetir a historia se lles impedimos coñecela?

A Real Academia da Lingua non recolle o termo “desmemoria”, loitemos por non necesitalo.

**Emma Veiga (2º Bach.)**

## **JAVACAL E O GALEGO**

### **(Ou de como a lingua debe facer parte de calquera proxecto do centro)**

Neste curso 22-23 demos continuidade á nosa participación no programa de Agrupación de centros educativos do Ministerio de Educación e Formación Profesional que tiña por título Javacal. Jaén, Valladolid e Caldas... tan lonxe e tan preto. Tiñamos claro que un dos nosos obxectivos ao participar neste programa, ademais de partillar iniciativas ou propostas educativas, era enriquecer o coñecemento que existe sobre nós e impedir que se consoliden visións reduccionistas da diversidade cultural e lingüística do Estado.

Xa no curso pasado, o pequeno grupo de alumnado que participou na visita a Baños de la Encina deixou constancia diante de alumnado e profesorado daquel centro do papel fulcral que xoga a lingua galega no proxecto do Aquis Celenis, moi especialmente nos grupos de traballo existentes (Club de lectura, Equipo de Dinamización, Equipo de Igualdade...). Consideramos que todas as oportunidades deben ser aproveitadas cando se trata de contribuír a poñer en valor a riqueza que supón termos unha lingua propia. Isto vai provocar un mellor coñecemento da nosa realidade para a xente de fóra pero tamén unha boa dose de autoestima sociolingüística para a xente de dentro.

Pois ben, no mes de outubro de 2022, o noso alumnado de 4º da ESO fixo de anfitrión dun numeroso grupo de estudantes do IES Bûry al-Hamma e do IES La Merced de Valladolid. Previamente elaborara unhas pequenas presentacións con indicacións de vocabulario básico en galego.

Nesta visita, logo dunha primeira xornada de actividades de coñecemento mutuo da rapazada e de descuberta do patrimonio natural e arquitectónico da vila, quixemos aproveitar para implicar o alumnado de Valladolid e Baños de la Encina nunha actividade de dinamización sociolingüística.

Comezamos explicando, en galego, o obxectivo da actividade: que o alumnado de fóra pensase e escribise mensaxes de ánimo á rapazada galega para que mantivese viva, a través do uso, a súa lingua propia. Despois, coa colaboración do noso alumnado de 4º, terían que pasar esa mensaxe a galego e inserila no debuxo do perfil dunha man, ligando a mensaxe á idea de “botarlle unha man á lingua”.

O alumnado castelán e andaluz entendeu perfectamente a explicación (sen necesidade de volver facela en castelán) e participou de xeito entusiasta na creación deses lemas de ánimo ao uso do galego.

Máis unha vez demostrábase a necesidade de mostrarlle á nosa xente nova como os prexuízos cómpre combatelos en todas as direccións, tamén entre nós.

**EDLG**

### **ROTEIRO ROSALIANO**

O alumnado de 3º da ESO seguiu os pasos de Rosalía de Castro desde Santiago de Compostela a Padrón. Seguimos o camiño do Sar coa compañía dos seus poemas, recitados pola rapazada, coñecemos o Bosque do Banquete, testemuña dun feito histórico no que a autora tivo unha presenza importante, e coñecemos o Souto de Crecente, cantado por Joam Airas.

Finalmente, seguimos os pasos ata a Casa da Matanza, en Padrón, última vivenda de Rosalía en vida, pois xa antes visitáramos e derradeira morada no Panteón de Galegos Ilustres en San Domingos de Bonaval.

A viaxe completouse cun xogo de pistas no Museo do Pobo Galego.





## PROXECTO JAVACAL\_VIAXE A VALLADOLID\_2º ESO



Javacal é un proxecto no que participamos tres institutos de Xaén, Valladolid e Caldas. A nós tocounos participar na elaboración dun “Libro viaxeiro” que foi rotando entre os tres centros. Nel escribimos e fixemos ilustracións sobre gastronomía, lugares importantes... das nosas vilas e cidades.



Os alumnos de 2º da ESO tivemos a oportunidade de visitar Valladolid durante tres días.

O primeiro deles saímos en autobús cara a Valladolid e, nada máis chegar, recibíronnos os alumnos e alumnas de 4º da ESO do IES La Merced cos que compartimos o xantar e que logo nos ensinaron o funcionamento dunhas cociñas solares.

Logo tíñannos preparada unha xincana para coñecer os lugares máis importantes e emblemáticos da cidade. Ao remate da xincana tivemos tempo libre na Plaza Maior, e aproveitamos para visitar tendas e mercar algún xeadó. Despois dirixímonos cara ao albergue para cear e repartir os cuartos.

O segundo día almorzamos no albergue e visitamos Peñafiel, onde puidemos ver a praza de “El coso”. Despois tivemos unha visita teatralizada á “Casa de la Ribera”, para ver como era a vida hai unhas décadas naquela zona de Castela.

De volta xa en Valladolid, pola tarde o Museo de Escultura guiado polo mesmo alumnado do IES La Merced que nos fixera o percorrido do día anterior. Temos que destacar que as explicacións da rapazada de 4º da ESO foron maravillosas. Tomáranse ben en serio a súa preparación! Rematamos no parque do Campo Grande e tivemos tempo libre para ir de compras.

O último día despois de almorzar dirixímonos a León, onde nos esperaba unha guía para ensinarnos a Catedral de León e a zona histórica.

**Celina e Uxía (2º ESO-A)**

## PINGAS DA VIAXE A ANDALUCÍA

*Segundo o dicionario da Real Academia Galega, unha pinga é unha porción pequena de algo ou unha cantidade moi pequena de líquido que se desprende e cae. Cada pinga pode xuntarse con outras e facer en conxunto unha poza, unha laga ou unha balsa.*

*É así como cada pinga dos recordos e sensacións que a rapazada de 4º ESO foi deixando no papel se constrúe esta viaxe a Andalucía, Valladolid e Cáceres; unha viaxe que é para todos eles e todas elas, ademais dunha vivencia cultural, unha descuberta xeográfica, paisaxística e artística e, sobre todo, unha experiencia vital que vai ir medrando ao seu lado.*

*Aquí van estas pingas, que son recordos, sensacións, visións... e todo aquilo que conflúe nunha viaxe.*

Quizais esta viaxe non fose só física.

Quizais no só viaxase o meu corpo.

Quizais fose como namorarse: eses nervios por coñecer o novo, esa cor vermella que tingue as rúas pola noite.

Sería polos balcóns floridos ou polo camiños empedrados; non sei, pero as miñas ganas de volver son inmensas.

Namoroume cada curruncho, cada mosaico, cada melodía, cada acento, cada monumento. Namoroume a forma en que me fixo sentir toda esa tranquilidade que percorría as miñas veas. Quizais só fose cuestión de conexión, non de afastamento.

**Zaira Fontán**

A Alhambra de Granada erguíase maxestosamente naquel monte ao lonxe. A súa cor alaranxada sobresaía e contrastaba co verde das árbores que estaban ao redor. Os torreóns cadrados e máis altos ca o resto da fortificación dábanlle un aspecto imponente e resistente. Os diferentes corredores, salas e patios minuciosamente decorados e en perfecto estado constitúen un fermoso deleite para calquera visitante: as enrevesadas formas de decoración dos teitos, as paredes con cores e figuras, os textos escritos nas paredes... Todo confire un toque exótico.

**Marcos Rivas**

Córdoba, este foi o meu lugar favorito. Ao entrar na cidade comecei a sentirme máis relaxado pola súa arquitectura e polo ambiente da rúa. Era como se de repente levases toda a vida vivindo nese lugar, como se pertenceses a esa cidade. E a Mezquita..., cando entrei na Mezquita sentín unha conexión inexplicable; todo o barullo que facía a xente rebotaba nas columnas e causaba un son agradable.

**Daniel Remiseiro**

Nada máis chegar a Granada, a cidade encantoume. Era preciosa. Non só polo que se podía ver, senón tamén polo ambiente e pola historia. Ademais, produciume felicidade: as risas, as camiñatas nas que non paraba de queixarme porque estaba cansa, pero seguía adiante..., porque sabía que ao final valería a pena ter feito todo o percorrido.

**Laura Soledad Araújo**

En Valladolid a frescura agarda a saír cando a luz é escasa. É moi agradable. Eu denominaría a “frescura cálida”

Cando penso en Xaén vénme á cabeza a cor vermella debido ás altas temperaturas e ao aire sofocante que alí reside; e o verde, pois ao redor só hai plantacións, matorrais e latifundios de grandes dimensións. Semellaba a fin do mundo; unha vila situada nunha montaña, afastada da cidade, da que parece que detrás só hai mar, e mar e mar ata o mesmo infinito, como se fose un deseñador o encargado de facer a realidade e chegar ao punto de non esforzarse na súa obra.

Granada é azul e laranxa. Azul polo constante ceo sen nubes e laranxa pola inxente calor que un imaxina pero que, en realidade, é unha calor cómoda.

**Anxo Ruibal**

En Xaén non se paraba coa calor. Non había nin unha soa persoa pola rúa. Parecía un lugar morto.

**Benjamín Iglesias**

A paisaxe era tan diferente que, por veces, ata daba mágoa. Onde estaba o verde? Estabamos rodeadas de aire cálido e terras secas e moitas moitas oliveiras. Todo eran campos inmensos cheos de oliveiras.

**Lucía Rivas Fresco**



Granada: rúas coma labirintos, costas e miradores. Unha cidade impresionante. Patios verdes e imponentes, con flores laranxas que se perden no característico anoitecer de Andalucía. Fontes que botan auga que, de tan cristalina, poderías ver a beleza dúas veces: paredes, fiestras, columnas...

Cada detalle, por mísero que pareza, é digno de admirar. A vista perdíase en cada obra, en cada matiz de cor.

**Inés Ferrín**



# CADERNO DE VIAXE. 4º ESO





## CÓRDOBA

Saimos á mañá con Córdoba e demos un pequeno paseo para ver os famosos xerónimos locais, logo visitamos varios monumentos para despois ter tempo libre para comer. Ao chegar a noite recolleunos o bus para volver ao hotel en Granada.

Panta da antiga muralla de Córdoba

Venta con xerónimos



## CÁCERES


Ese día pola noite, chegamos a Cáceres e instalámonos no hotel. Cando deixamos as nosas cousas nas habitacións fomos pasear polo casco histórico da cidade...

**CÁCERES**

Non pudemos ver moito, xa que só tiñamos unha hora e a ponte había un festiwal polo que había moitos coches cerrados.

Pazo típico

DÍA 10



## SALAMANCA

Saimos de Cáceres ás 8:00 para chegar a Salamanca cedo. Cando chegamos, demos un paseo polo casco histórico e despois fomos comer...

Catedral de Salamanca

O diario de Ana Frank

Xusto este día había unha festa do libro na cidade, polo que aproveitei e collín un libro para o meu irmán e para min.

DÍA 12


## curiosidades

- En Granada tiver que ir a un coqueiro a sacar contos por primeira vez, xa que non me quedaban.
- En Córdoba case quedamos sen comer porque non había moitos sitios, e os que había estaban cheos.
- As máis cidades bonitas son Granada e Salamanca nesa orde.
- No porque da cidade de Valladolid hai sitios para neoris.
- En Jaén non había case montes, senón charcos enormes de plantación de olivos.
- Gustaríame volver a todos os sitios, pero sobre todo a Cáceres para poder coñecer ben a cidade.

Viaxe de fin da ESO

Enma Luna (4º ESOB)


CADERNO DE VIAJE. 4º ESO



**viaje** →

- Valladolid**
  - Plaza mayor de Valladolid
  - Catedral de Valladolid
  - Iglesia conventual de San Pablo
  - Barroquía Santa María de la Antigua
- Jaén**
  - Baños de la Encina:
    - Castillo de Baños de la Encina
    - Ermita del Cristo del Llano en Baños de la Encina
- Granada**
  - Alhambra
  - Catedral de Granada
  - Mirador de San Nicolás
- Córdoba**
  - Mezquita de Córdoba

- Cáceres**
  - Paseo pola cidade
- Salamanca**
  - Convento de San Esteban
  - Catedral de Salamanca
  - Plaza Mayor



**Valladolid**

8 de maio → 2023

• **Plaza Mayor**  
Aquí tivemos tempo libre e comi un helado porque facía moitísimo calor.

**Catedral**  
É un dos lugares máis bonitos que visitamos na ruta guiada, e tomé onde nos atopamos con algúns rapaces de Valladolid que xa coñecemos.

4★

**Jaén**

MAIO 2023

Ermita del Cristo del Llano en Baños de la Encina  
Este sitio é increíble e impresionante por todos os detalles que ten.

Castillo de Baños de la Encina

3★



Esta é a Catedral de Granada, un dos lugares que máis me gustan da cidade.

10-05-2023

**Catedral de Granada**

Este mirador é o mellor para ver as vistas máis espectaculares da Alhambra. Alí atopamos a dous músicos cantando flamenca.

**MIRADOR DE SAN NICOLÁS**



Laura Camiña (4º ESOB)

## **VIAXE POLA PENÍNSULA IBÉRICA: VALLADOLID, ANDALUCÍA E CÁCERES.**

Cando saín desta terra, o que máis me chamou a atención foron os infinitos campos de Castela e León, parecía que non remataban nunca: campos verdes e máis verdes e máis campos verdes sen final. De vez en cando había unha pequena vila pero non moito máis diso.

Despois de pasar por Madrid deixamos de ver a verde paisaxe e comezamos a ver ao lonxe altos edificios que, a medida que iamos dirixíndonos máis ao sur, volveron a cambiarse por campos infinitos de herba seca, pedras, area e papoulas vermellas, moitas papoulas vermellas. Terreos enormes e moi planos por todos os lugares a onde miraras, tan grandes que chegabas a aburrirte, horas e horas vendo o mesmo ata chegarmos a Andalucía.

En Andalucía, mares e mares de oliveiras diante dos nosos ollos; sobre todo en Xaén. O que máis me chamou a atención foi a calor, tamén a alegría da xente e unha igrexa, tan decorada por dentro que chegaba a marearte se a mirabas moito tempo.

O mellor da viaxe: Granada. A Alhambra é impresionante: a simetría dos mosaicos e os xardíns tan coidados. En xeral toda a cidade é tan bonita! Encantoume! Aquí estivemos pouco tempo, porque deseguido marchamos a Córdoba.

Córdoba está repleta de casas brancas. Despois fomos a Cáceres. Isto foi como un salto atrás no tempo, unha viaxe á época medieval. Todo era de pedra e os pazos facíanche sentirte noutro século.

A paisaxe de Estremadura empezou a cambiarse, outra vez campos verdes a medida que iamos de regreso ao norte, ata chegar a Salamanca, onde visitamos unha das Universidades máis antigas e máis bonitas. Encantaríame estudar alí!

Se teño que indicar un sentimento, sería a morriña. A morriña invadiume toda a viaxe, pois aínda que me encantara viaxar, a volta a Galicia fixo sentirme na casa, onde as paisaxes estaban cheas de cor e o aire non era seco.

**Alba Rajoy (4ª ESO A)**

Horas interminables de autobús, insoportable cansazo e calor inaguantable. Unha viaxe inesquecible.

Inesquecible pola fermosura de cada lugar visitado, a beleza ben gardada de cada catedral e o sentimento puro ao correr polas rúas andaluzas, cheas de xente.

Inesquecible por Granada, cos seus lugares históricos, impresionantes.

Inesquecible por Córdoba, coas súas rúas brancas polas que perderse e a abraiante cantidade de flores.

Inesquecible por Baños de la Encina, lugar perfectamente decorado que transmitía felicidade.

Inesquecible por Cáceres, a súa festa e os seus pazos.

Inesquecible Valladolid, tan fermoso.

Inesquecible Salamanca, euforia.



Inesquecible o tempo cos amigos, as noites en vela, o percorrido polos corredores buscando unha diversión -sempre atopada-.

Inesquecible, incluso, o medo ou a ilusión e as palabras dos compañeiros e compañeiras.

Inesquecible

**Ahinara Castro (4ª ESO B)**



**Alba Rivas, 1º ESOA**

## **AS SAÍDAS DIDÁCTICAS, FERRAMENTAS IMPRESCINDIBLES DA APRENDIZAXE**

Coa saída do alumnado de 1º da ESO a Lugo nos dous últimos días do curso, cúmprese o obxectivo de recuperar as saídas didácticas de máis de un día para todos os niveis educativos do noso instituto.

O alumnado de 2º de Bacharelato puido visitar Barcelos e Porto (Museu Serralves, viaxe en barco polo Douro...), nun par de días que serviron para afondar no coñecemento da cultura portuguesa e tamén para coller folgos para un final de curso sempre duro.

En 1º de Bacharelato houbo cinco días nos que o alumnado coñeceu lugares de grande interese desde moi diversos puntos de vista: a Vila romana de Olmeda e os xacementos de Atapuerca e o Museo da Evolución Humana de Burgos nas dúas primeiras xornadas. Logo o plan de viaxe continuaba por Euskadi, con visitas guiadas en Bilbo e Donostia. Alén do atractivo destas cidades, na memoria da rapazada quedará con certeza a viaxe en barco para observar os imponentes cantís do Flisch de Zumaia.

Tamén o alumnado que cursa 3º da ESO gozou da súa saída de dous días a Allariz, grazas ao intercambio territorial do Proxecto Terra. Ademais de coñecer a evolución histórica da vila e percibir o premiado traballo de rehabilitación levado a cabo nela nas últimas décadas, a rapazada descubriu tesouros naturais e arquitectónicos da contorna coma o ecoespazo do Rexo e a parroquia de Santa Mariña de Augas Santas.

Sen dúbida, estas saídas didácticas reafirmaron unha vez máis a necesidade de que sigan sendo unha ferramenta de aprendizaxe imprescindible nunha concepción integral e inclusiva da educación.

**N.E.V.E.R.M.O.R.E.**

O pasado 10 de novembro puidemos levar o noso alumnado de 1º de Bacharelato a unha obra de teatro no Auditorio de Galicia en Compostela que ía máis alá da propia representación. Supuxo comezar a remexer na memoria colectiva para ver que quedara daquela traxedia ambiental e posterior crise social e política que se derivara do afundimento do buque petroleiro Prestige fronte á costa galega en novembro de 2002. Ademais, ás mozas e aos mozos do Aquis contóullelo, en formato de teatro documental, unha das compañías referenciais non só dentro de Galicia senón tamén fóra das nosas fronteiras: Chévere.



O resultado foi moi gratificante. Alumnado e profesorado saíron da sala coa convicción de ter asistido a unha obra innovadora no seu formato e estimulante para seguir coñecendo uns feitos que para a xente nova, na maior parte dos casos, era unha vaga referencia do pasado. Quedou posta a primeira pedra para o posterior traballo docente nas aulas nas diversas materias.



## MEMORIA DO PRESTIGE: 20 ANIVERSARIO

No Aquis Celenis quixemos aproveitar este 20 aniversario do afundimento do Prestige para poñer en valor a solidariedade e a resposta social que xerou. Unha resposta social que naquela altura, no ámbito docente, estivo moi conectada ao noso centro e que cumpría que se coñecese e recoñecese.

O luns 14 de novembro inauguramos nos corredores do instituto unha exposición de Arte Postal ao redor do Prestige que supuxera hai xa case 20 anos un traballo inxente do profesorado do Aquis. Para explicar a orixe e sentido da exposición, así



como outras iniciativas nas que tivo un papel relevante aquel profesorado (moi especialmente a cadea humana de estudantes na costa entre Laxe e Muxía), organizamos unha charla con tres daqueles protagonistas: Lois Gil, Puri Cabido e Pedro Lamas.

O alumnado presente (1º de Bacharelato) puido complementar a visión dos feitos que xa obtivera da representación teatral de Chévere e, á súa vez, converteuse en transmisor desa información a todos os grupos de alumnado do centro a través de breves exposicións orais que axudaban a contextualizar a produción artística que se mostraba nos corredores.

Diversos departamentos didácticos (Bioloxía, Xeografía e Historia, Plástica, Música Lingua...) aproveitaron estas actividades no seu traballo docente.

Ademais, ao longo dunha semana, proxectouse na cafetería, nos tempos de recreo, unha montaxe audiovisual sobre o Prestige que compilou o departamento de Bioloxía. Escanea o código QR para velo.



MELLOR QUE MIL PALABRAS...



**Conferencia do Ciclo "Aida Fernández Ríos" (2º e 1º Bach.)**



**Escola de familias**




**Visita ao Museo de Pontevedra e roteiro Castelao (1º ESO)**



**Concurso "Un intruso no meu cerebro" (1º ESO)**




**Entroido**



**Saída didáctica Arte (2º Bach.)**



**Cinemóbil. José Gil, pioneiro do cinema galego (1º, 2º e 3º da ESO)**



**Exposición AstrónomAs**



**Teatro clásico en Lugo**



**Vídeo con moitas máis imaxes**


Rial, Rosales, Ruxe Ruxe. Remata un tempo, unha vida de lingua.

Cando moito profesorado e alumnado chega ao Aquis, hai algo que identifica claramente, o Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua que puxo a galopar Ana Rial, e no que sempre estivo Rosales.


A normalización e a dinamización no Aquis foron máis alá da revista Ruxe Ruxe, tan completa e na que moita rapazada colabora e traballa arreo nas distintas seccións; foi tamén unha chea de iniciativas de Ana: de Caldeiradas (publicacións mensuais), de curtametraxes, programas de radio, canles de Youtube e centos de actividades para manter viva e conectada co alumnado a nosa lingua. Rosales podía facer de todo: programas, edición... ; sempre achegando a súa sabedoría informática, sociolingüística e humana.

Se xuntamos Rial e Rosales, esa fusión crea un poder normalizador indestrutible. Xa as propias letras dos apelidos crean un só nome: Rosalía, que dá pulo á lingua, a unha vida, a un tempo inesquecible no Aquis. Unha vida de lingua. Grazas Ana. Grazas Rosales.

#### **A comunidade educativa do Aquis**







Unha carballeira xorde  
dunha presa de landras  
nun proceso de moitos anos.

Unha lingua xorde das persoas  
que habitan un lugar durante séculos.

Eu quero contribuir  
a esta paisaxe diversa  
empregando a lingua creada  
ao abrigo das carballeiras milenarias.

21  
Luzón

